



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E A ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (EGAP) PARA A FORMACIÓN EN LINGUA GALEGA DO PERSOAL AO SERVIZO DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E DO PERSOAL AO SERVIZO DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA PARA O ANO 2016

Antecedentes

En cumprimento do que estable a Constitución española sobre a cooficialidade das linguas galega e española; o Estatuto de autonomía de Galicia e a Lei de normalización lingüística, os poderes públicos deben adoptar as medidas necesarias para conseguir a normalización da lingua galega e potenciar o seu emprego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa. Así mesmo, a citada Lei contempla a obriga dos poderes autonómicos de promover a progresiva capacitación no uso do galego do persoal afecto á Administración pública e ás empresas de carácter público.

De acordo co establecido na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística e, especialmente o articulado do seu Título II -"Do uso oficial do galego" que, no artigo 7º fai referencia explícita á utilización do galego pola Administración de Xustiza, a Xunta xunto cos seus órganos correspondentes debe promover a progresiva normalización do galego no seu funcionamento.

Razóns de oportunidade

A Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da EGAP, establece entre os seus fins a realización de cursos de formación do persoal ao servizo da Administración Pública da Comunidade Autónoma, así como a difusión e normalización do idioma galego na Administración pública, a capacitación lingüística do persoal e a participación na fixación da linguaxe técnica, administrativa e xurídica.

Neste senso os departamentos do Goberno galego con competencias en materia de normalización lingüística e de formación de persoal, a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Escola Galega de Administración Pública (EGAP), asinarán un convenio de colaboración para levar a cabo no ano 2016 un programa de actuacións destinadas á formación do persoal ao servizo da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia e do persoal ao servizo da Administración de Xustiza.

Obxectivos

O dominio da lingua galega é unha esixencia para o persoal da administración que desempeña as súas funcións en Galicia e á Xunta de Galicia, no marco da súa política de promoción e normalización lingüística, lle corresponde impulsar o proceso de incorporar a lingua galega no ámbito da Administración pública en Galicia. Para conseguir estes obxectivos é preciso promover, organizar e levar a cabo os plans de formación e capacitación en galego do persoal ao servizo das administracións públicas de Galicia.





Un dos obxectivos específicos desta actuación é conseguir que o galego sexa a lingua xeral de referencia na Administración de Xustiza e na Administración Pública da Comunidade Autónoma, para iso, será preciso mellorar, reforzar e actualizar os recursos destinados aos funcionarios destas administracións de xeito que poidan desenvolver con maior eficacia o seu traballo en galego e a súa capacidade lingüística. Para isto, é preciso impulsar o proceso de incorporación do galego en ditas Administracións e xeneralizar o seu uso como principal lingua de traballo e comunicación cos seus administrados.

Con esta finalidade será preciso programar novos procesos de formación lingüística e de actualización técnica para tratar de mellorar a fluidez expresiva e o coñecemento dos vocabularios do persoal que presta servizos nestas dúas administracións.

Polo anteriormente exposto a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria considera de gran interés colaborar coa EGAP para o desenvolvemento dun total de 21 cursos de linguaxe administrativa galega e/ou de linguaxe xurídica galega de nivel superior e medio para os colectivos que forman parte do seu Plan de formación conforme a seguinte distribución:

Colaboración

A colaboración entre as dúas parte, artellase do seguinte xeito:

-A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, desenvolverá as seguintes actuacións:

.Designación e contratación do profesorado encargado de impartir os cursos de entre as persoas que se atopen na situación de execución provisional e/ou firme da sentenza como persoal laboral indefinido non fixo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

.Financiamento dos gastos de coordinación de seis cursos por un importe de **1.800 euros** con cargo á aplicación 10.30.151A.640.2 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio 2016, na que existe crédito axeitado e suficiente.

-A EGAP asume a realización das seguintes actuacións:

.Gastos do profesorado de todos os cursos, os gastos da coordinación de quince cursos, así como calquera outro gasto necesario para a súa realización. O importe total que lle corresponde é de **89.535 euros** con cargo a súa aplicación orzamentaria 5.80.122B.226.17 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016.

.Programación específica dos cursos de acordo coas necesidades de formación do persoal ao servizo das Administracións Autonómica e de Xustiza, determinando localidades, horarios, lugares e modalidades, de ser o caso, onde se van impartir os cursos.

.Selección do alumnado asignado a cada curso de acordo cos seus propios criterios de selección e coa oferta de prazas dispoñibles.





Polo exposto, considerase necesario e oportuno subscribir un convenio de colaboración entre as dúas institucións con vixencia ata o 31 de decembro de 2016.

Para o desenvolvemento das actividades a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, dispón dun crédito de **mil oito centos euros (1.800€)** na aplicación orzamentaria 10.30.151A.640.2 do seu orzamento de gastos para o ano 2016, que se destinarán ao financiamento da coordinación de seis cursos.

Natureza xurídica

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas cláusulas, e quedará suxeito ao disposto polo Acordo da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación do Real decreto legislativo, 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, segundo especifica o seu artigo 4, ao non previsto aplicaráselle os principios recollidos na citada lei, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2016

Secretario xeral de Política Lingüística

Valentín García Gómez

